

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 11 de abril do 2017

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
Yolanda Bouzas Alfonsín.
José Luis Sampedro Bouzas.
José Pedro Cambón Fernández.
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do día 11 de abril de 2017, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

1º.- Acta anterior correspondente ao día 24 de marzo de 2017.

2º.- Solicitud de prórroga de licenza de obra maior.

3º.- Licenza de obra menor.

4º.- Comunicación previa (apertura).

5º.- Licenzas de segregación.

6º.- Licenza de obra maior.

7º.- Comunicacions previas (obra menor).

Fora da orde do día:

1º) Prezo público viaxe da mocidade a Torremolinos (Málaga) 2017.

8º.- Rogos e preguntas.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 24 DE MARZO DE 2017.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 24 de marzo de 2017.

SEGUNGO.- SOLICITUDE DE PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por EUGENIO LOPEZ PAIS, con domicilio en Rúa do Home Santo 48, 4º, Santiago de Compostela, na que solicita prórroga do prazo de remate das obras de rehabilitación e ampliación dunha vivenda en Gándara 12, San Salvador.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder unha prórroga de tres anos contados desde o día de hoxe para o remate das obras, coa condición de que a edificación sexa rematada exteriormente.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por SUSANA MARIA GARCIA ANTELO, con domicilio en Lamiño 26, Brión, na que solicita licenza de obra para limpeza e colocación da tella existente, con aportación de 100 tellas novas e limpeza dos canalóns, en Lamiño 26, Brión.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo urbano UC2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 3 de abril de 2017 (expediente 2462/16), acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que non se alteren as alturas, pendentes ou volumes existentes e manterase, así mesmo, a dimensión e formalización de voos.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- COMUNICACIÓN PREVIA (APERTURA).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Manuel García Casal, que di actuar en representación de BRION MOTOR TALLER SL, con domicilio na Avd. de Noia 54, Os Ánxeles, na que comunica o cambio de titularidade da licenza de taller de reparación de vehículos, situado na Avd. de Noia 54, Os Ánxeles.

A actividade viña funcionando anteriormente a nome de Brión Motor SC e preténdese poñer a nome de Brión Motor Taller SL.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de reparación de vehículos, situada na Avd. de Noia 54, Os Ánxeles, a nome de Brión Motor Taller SL, con NIF:B-70418173.

QUINTO.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Juan M. Hermida Vázquez, que di actuar en representación de LOIS GOMEZ ROGELIO E JOSE MANUEL SC, con domicilio en Macedos s/n, Urdilde, Rois, na que solicita licenza de segregación da finca con referencia catastral 15013A032000820000UH e posterior agrupación para reorganizar a propiedade, situadas na Pedreira, Luaña, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Juan M. Hermida Vázquez, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra), visado nº 20170120, do 27/02/2017.

Descrición da parcela matriz:

Referencia catastral: 15013A032000820000UH.

Superficie: 7.956 m².

Clasificación urbanística: solo rústico de protección forestal.

Lindes:

Norte: herdeiros de Ramón Sampedro e Lois Gómez Rogelio e José Manuel S.C.

Sur: Lois Gómez Rogelio e José Manuel SC e camiño.

Leste: camiño e Lois Gómez Rogelio e José Manuel SC.

Oeste: herdeiros de Ramón Sampedro e muro.

Parcelas resultantes:

Parcela primeira:

Superficie: 1.843 m².

Clasificación urbanística: solo rústico de protección forestal.

Lindes:

Norte: Lois Gómez Rogelio e José Manuel S.C.

Sur: resto da finca matriz desta segregación.

Leste: Lois Gómez Rogelio e José Manuel SC.

Oeste: herdeiros de Ramón Sampedro.

Resto da finca matriz:

Superficie: 6.113 m².

Clasificación urbanística: solo rústico de protección forestal.

Lindes:

Norte: parcela primeira desta segregación e herdeiros de Ramón Sampedro.

Sur: Lois Gómez Rogelio e José Manuel SC e camiño.

Leste: camiño e Lois Gómez Rogelio e José Manuel SC.

Oeste: muro.

Agrupación pretendida para reaxuste de propiedades:

A parcela primeira agrúpaselle a finca lindante polo norte na que se sitúa unha granxa de visóns, formando xunto coa segregada unha soa finca, quedando descrita da seguinte forma:

Parcela primeira:

Superficie: 42.896 m².

Clasificación urbanística: solo rústico de protección forestal.

Lindes:

Norte: Lois Gómez Rogelio e José Manuel S.C.

Sur: resto da finca matriz desta segregación.
Leste: Lois Gómez Rogelio e José Manuel SC.
Oeste: herdeiros de Ramón Sampedro.

O resto da finca matriz agrúpaselle a finca lindante polo sur, quedando a agrupación cunha superficie de 9.799 m², quedando descrita da seguinte forma:

Resto da finca matriz:

Superficie: 9.799 m².
Clasificación urbanística: solo rústico de protección forestal.
Lindes:
Norte: parcela primeira desta segregación e herdeiros de Ramón Sampedro.
Sur: camiño.
Leste: camiño e Lois Gómez Rogelio e José Manuel SC.
Oeste: muro.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros. Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por MANUEL GOSENDE RIVAS e ANA MARIA GOSENDE RIVAS, con domicilio en Condomiña 3, Ortoño, Ames, na que solicita licenza de segregación da finca 822 de concentración parcelaria de Bastavales, no lugar de Coruxido, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra), visado nº 9/17, do 15/03/2017.

Descrición da parcela matriz:

Finca 822 do plano de concentración parcelaria de Bastavales.
Referencia catastral: 7102619NH2470S0001OE.
Superficie catastral: 7.213 m².
Superficie segundo medición recente: 7.568 m².
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL1).
Lindes:
Norte: Manuel Gosende Rivas (821).
Sur: camiño, José Lens Lens (823) e Camilo Calviño López (824).
Leste: camiño.
Oeste: zona excluída.

Segregación pretendida:

Parcela 822-1:

Superficie: 2.883 m².
Superficie de cesión (a 4m do eixo do camiño): 77 m².
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL1).
Lindes:
Norte: Manuel Gosende Cornes (821)
Sur: camiño e parcela con referencia catastral 7102620NH2470S0001FE.
Leste: parcela 822-2 desta segregación.
Oeste: zona excluída.

Parcela 822-2:

Superficie: 1.125 m².
Superficie de cesión (a 4m do eixo do camiño): 23 m².
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL1).
Lindes:

Norte: Manuel Gosende Cornes (821)
Sur: camiño.
Leste: parcela 822-3, 822-5 e 822-6 desta segregación.
Oeste: parcela 822-1 desta segregación.

Parcela 822-3:

Superficie: 724 m².
Superficie de cesión (a 4m do eixo do camiño): 26 m².
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL1).
Lindes:
Norte: parcela 822-5 desta segregación.
Sur: camiño.
Leste: parcela 822-4 desta segregación.
Oeste: parcela 822-2 desta segregación.

Parcela 822-4:

Superficie: 725 m².
Superficie de cesión (a 4m do eixo do camiño): 26 m².
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL1).
Lindes:
Norte: parcela 822-5 desta segregación.
Sur: camiño.
Leste: José Lens Lens (823).
Oeste: parcela 822-3 desta segregación.

Parcela 822-5:

Superficie: 1.036 m².
Superficie de cesión (a 4m do eixo do camiño): 42 m².
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL1).
Lindes:
Norte: parcela 822-6 desta segregación.
Sur: parcelas 822-3, 822-4 desta segregación, José Lens Lens (823) e Camilo Calviño López (824).
Leste: camiño.
Oeste: parcela 822-2 desta segregación.

Parcela 822-6:

Superficie: 1.075 m².
Superficie de cesión (a 4m do eixo do camiño): 43 m².
Clasificación urbanística: solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL1).
Lindes:
Norte: Manuel Gosende Cornes (821).
Sur: parcelas 822-5 desta segregación.
Leste: camiño.
Oeste: parcela 822-2 desta segregación.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, informando aos interesados, que segundo o artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, deberán proceder á cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, que se cumprimentará con ocasión do procedemento de concesión de licenza de obras, no seu día.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Cristina Sánchez Vázquez, que di actuar en representación de LUIS LINO RODRIGUEZ CASTRO, con domicilio en Avd Vicente Ramos 26,

Os Ánxeles, na que solicita declaración de innecesariedade de licenza de segregación, dunha parcela situada na Rúa San Ramón, Os Ánxeles, segundo proxecto redactado pola enxeñeira técnica agrícola Cristina Sánchez Vázquez, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra), visado nº 191/17.

A parcela matriz obxecto desta segregación é resultado da segregación doutra parcela con referencia catastral 7549145NH2474N0001OJ, concedida pola Xunta de Goberno Local o 02/09/2016.

Descrición da parcela matriz:

Parcela con referencia catastral 7549146NH2474N0000JH

Superficie neta: 2.693,14 m²

Clasificación urbanística: Ten outorgadas dúas clasificacións polo PXOM: Solo de núcleo rural na zona leste, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2) e solo urbano consolidado pola edificación, séndolle de aplicación as normas para o resto do solo urbano (UC-2).

Lindes:

Norte: outra finca de Luís Lino Rodríguez Castro, Rosa María Aparicio Carcamo, campo da Capela de Guadalupe e María Élida Ferreiro Rama.

Sur: resto da parcela neta segregada A e puntualmente con Ramón Vázquez Iglesias.

Leste: parcela de cesión 1 (54,86 m²) e en parte María Élida Ferreiro Rama e parcela neta segregada A e parcela segregada B de Ramón Rodríguez Calvo.

Oeste: Ramón Vázquez Iglesias e Juan Fernando Guillén Fajardo.

Parcelas resultantes:

Parcela segregada:

Superficie: 1.648,00m²

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural da zona leste, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: outra finca de Luís Lino Rodríguez Castro.

Sur: puntualmente con Ramón Vázquez Iglesias.

Este: resto de finca orixe, resto de parcela neta segregada A e parcela segregada B de Ramón Rodríguez Calvo.

Oeste: Ramón Vázquez Iglesias e Juan Fernando Guillén Fajardo.

Resto da finca de orixe:

Superficie: 1.045,14 m².

Clasificación urbanística: solo urbano consolidado (UC2).

Norte: Rosa María Aparicio Carcamo, campo da Capilla de Guadalupe e María Elida Ferreiro.

Sur: resto da parcela neta segregada A.

Este: parcela de cesión 1 e en parte, María Elida Ferreiro Rama..

Oeste: parcela segregada.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade, declarar a innecesariedade de licenza de segregación consonte co disposto no art.150.6.c) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

SEXTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por RAMON PENIDE BEIS, con domicilio en Chave de Ponte 6, Bastavales, de solicitude de licenza de obra maior para construír unha nave destinada a almacén de madeiras e derivados, no lugar de Chave de Ponte, Bastavales, segundo proxecto de execución redactado polo enxeñeiro técnico industrial Francisco Ansedes Domínguez, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña, visado nº

1984/16-ST, do 14/11/2016 e documentación complementaria presentada no concello o 27/02/2017 (r.e.793).

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo rústico de protección agropecuaria, séndolle de aplicación a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en base a súa Disposición Transitoria Primeira.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo enxeñeiro técnico industrial Francisco Ansedes Domínguez, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña, visado nº 1984/16-ST, do 14/11/2016 e documentación complementaria presentada no concello o 27/02/2017 (r.e.793).
- As obras que se executen sen licenza ou inobservancia das súas condicións, serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas, en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este encargo, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 31 do PXOM: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

SÉTIMO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ELENA PEREZ FERNANDEZ, con domicilio na R/ de la Grandeza Española 3, esquerda, Madrid, na que comunica que vai construír un peche de parcela de 112,54 metros, con base de bloques de formigón e arame por encima, en Coruxido 54, Bastavales.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste en area non consolidada pola edificación do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A parte do muro de fábrica non superará a altura máxima de 1,20 metros medidos sobre a rasante natural do terreo e quedará revestido e pintado.
- A altura máxima do peche será de 1,80 metros medidos sobre a rasante natural do terreo.

- O muro de peche, no seu linde cos camiños, situarase a 5,50 metros do eixo do vial.
- Cando pretenda a construción dunha nova edificación, a liña de peche, ao longo da proxección da fachada que dea fronte á vía, deixará sempre libre un recuado mínimo de 3 metros de profundidade, segundo gráfico do informe técnico do que se xuntará unha copia á interesada xunto coa expedición da comunicación previa.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL BOUZAS CAPEANS, con domicilio en Cantelar 1, Boullón, na que comunica que vai reparar a cuberta do galpón, reutilizando a uralita existente, nunha superficie de 30 m², no lugar de Cantelar, Boullón.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural (NRL1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que non se incremente o volume da cuberta e que sobre as pranchas de uralita sexa colocada tella de barro cocido.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ROSA BLANCO ANTUNEZ, con domicilio en Rúa do Deporte 13, 1ºB, Sigüeiro, Oroso, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de Piñeiro 27, Os Ánxeles, substituindo a uralita e tella existente por outra nova, sen incrementar o volume actual da cuberta, nunha superficie de 30 m².

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural (NRL2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA DEL CARMEN ROJO CARNOTA, con domicilio en Liñares 1, Brión, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda da Rúa San Ramón 1, Os Ánxeles, substituindo a uralita e tella existente por outra nova, sen incrementar o volume actual da cuberta, nunha superficie de 75 m².

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano (UC2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Ana Cristina Camiño Villaverde, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS MONTE BALADO, con domicilio na Avd. da Mahía 62, 1º, Bertamiráns, Ames, na que comunica que van reparar o solo e as paredes da piscina comunitaria, da Urbanización Balado, Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano (UC3) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Manuel Martínez González, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO A FONTE, con domicilio na Avd. da Mahía 78, baixo 4, Bertamiráns, Ames, na que comunica que vai revestir as 4 fachadas do edificio situado na Rúa da Fonte 13, Os Ánxeles, mediante a execución dun sistema SATE

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano (UC1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

FORA DA ORDE DO DÍA:

Consonte cos artigos 83 e 113 do R.O.F. e previa declaración de urxencia aprobada por unanimidade acordouse a inclusión do seguinte asunto na orde do día:

1º) PREZO PÚBLICO VIAXE DA MOCIDADE A TORREMOLINOS (MÁLAGA) 2017.

Deuse conta dunha proposta da alcaldía do 11.04.2017 de prezo público para a realización da viaxe da mocidade a Torremolinos (Málaga) 2017.

Vistos o informe técnico do 11.04.2017 e o informe de intervención do 11.04.2017.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos polos servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público para a asistencia ao viaxe da mocidade a Torremolinos (Málaga) 2017, de acordo coa seguinte tarifa:

- . Prezo público por participante.....220,00 €

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

OITAVO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 14.20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González